




Casa Museo Otero Pedrayo  
Sede Fundación Otero Pedrayo



## PREMIO ANUAL OTERO PEDRAYO PARA ESTUDANTES DE ESO E BACHARELATO

05/03/1888

Nacemento de  
Otero  
Pedrayo

30/10/1920

1º número  
da revista  
Nós

09/12/1929

Ingreso  
na  
RAG

1930

Publicación  
de  
Arredor de si

A Fundación Ramón Otero Pedrayo convoca o Premio Anual para alumnado de ESO e Bacharelato correspondente ao curso 2023-2024 para contribuír ao coñecemento da personalidade do escritor e a perpetuar a súa memoria e obra entre as mozas e mozos galegos.

25/07/1950

Fundación  
Editorial  
Galaxia

05/03/1958

Derradeira  
lección na  
USC

10/04/1976

Pasamento de  
Otero  
Pedrayo


1979

Creación  
Fundación  
Otero Pedrayo



## PREMIO ANUAL OTERO PEDRAYO para Estudiantes de ESO e Bacharelato

CURSO  
2023-2024



# PREMIO ANUAL OTERO PEDRAYO PARA ESTUDANTES DE ESO E BACHARELATO

## BASES

### PARTICIPANTES

Poderá participar calquera estudante ou grupo de estudantes de educación secundaria obrigatoria ou bacharelato, matriculados nun centro de Galicia no presente curso académico.

### CATEGORÍAS E PARTICIPACIÓN

#### Categoría individual:

Premio ao mellor traballo escrito ou audiovisual realizado por estudantes da ESO.

Premio ao mellor traballo escrito ou audiovisual realizado por estudantes de bacharelato.

#### Categoría de grupo:

Premio ao mellor traballo escrito ou audiovisual realizado por estudantes da ESO.

Premio ao mellor traballo escrito ou audiovisual realizado por estudantes de bacharelato.

### PREMIO

O premio individual consistirá nun ordenador portátil e o premio de grupo nunha viaxe de estudos dunha xornada de duración, na que se abordarán contidos relacionados coa Xeración Nós e na que participará o grupo-aula gañador e ata tres docentes que colaborasen con este.

Ademais, o profesorado, en representación dos centros premiados, recollerá unha colección de libros para a biblioteca do centro e un diploma acreditativo.

### TIPO DE TRABALLOS

Poderase participar con calquera tipo de traballo sempre que estea centrado na vida ou na obra de Ramón Otero Pedrayo. Os escolares poden escoller unha obra concreta, algún aspecto da súa biografía, comentar algún texto e mesmo realizar traballos artísticos.

Traballos escritos: deberán estar redactados en lingua galega e presentaranse en soporte impreso e dixital, a dobre espazo, letra Arial 10, e cunha extensión máxima de 15 folios, incluídos os títulos, debuxos, imaxes e calquera outro material que se considere pertinente.

Traballos audiovisuais (vídeo, *podcast* etc.): non deben superar os 20 minutos (incluídos os títulos de crédito) e empregarán unicamente a lingua galega. Entregaranse gravados en soporte electrónico seguindo as indicacións do punto seguinte.

De ser o caso, o centro deberá contar coa autorización de uso da imaxe persoal das persoas participantes no traballo e nos labores de difusión en webs, redes sociais etc. con fins educativos. Así mesmo, as imaxes, música ou textos empregados nos traballos deberán ser orixinais, estar libres de dereitos de autoría ou ter licenza de uso para este fin.

### FORMA DE PARTICIPACIÓN

Os traballos escritos enviaranse por correo certificado á Fundación Otero Pedrayo, Casa Museo Otero Pedrayo, Cima de Vila s/n, 32172 Trasalba, Amoeiro, Ourense. Irán sen asinar, identificados cun lema ou pseudónimo e acompañados dun sobre pechado, que no exterior mostrará o mesmo lema ou pseudónimo. No interior incluírá un papel no que se fará constar o nome completo do centro educativo, o nome e apelidos do/da participante ou participantes do traballo e un teléfono móbil e correo electrónico de contacto.

Os traballos audiovisuais enviaranse nun soporte dixital (CD, DVD ou USB) en formato mp3 ou mp4 e identificados do mesmo modo que os escritos.

### PRAZO DE PARTICIPACIÓN

Os participantes e os docentes poden poñerse en contacto coa Fundación para resolver calquera dúbida que xurda durante a elaboración do traballo.

O prazo para a presentación dos traballos rematará o 30 de marzo. Os premios fallaranse nos 10 días seguintes e a decisión do xurado comunicaráselles telefonicamente aos centros gañadores ese mesmo día. A continuación, publicaranse nos medios de comunicación de toda Galicia. As persoas galardoadas recollerán o seu premio en Trasalba o día 10 de abril de 2024, data conmemorativa do pasamento de Otero Pedrayo.

### XURADO

O xurado estará formado por cinco personalidades de recoñecido prestixio. Os nomes destas persoas faranse públicos unha semana despois de rematar o prazo de entrega dos traballos. A súa decisión será inapelable. O premio poderá quedar deserto.

**MÁIS INFORMACIÓN:** no teléfono 988 281 139 ou no correo: [fundacion.otero.pedrayo@gmail.com](mailto:fundacion.otero.pedrayo@gmail.com)